

## **Memoria xustificativa do acordo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do Laboratorio de Medio Ambiente, e a entidade pública empresarial Augas de Galicia para a realización de mostraxe, análise e aplicación de índices de valoración necesarios para o proceso de avaliación do estado das masas de augas**

### **1. Antecedentes**

Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Augas de Galicia, conforme a Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia ten entre outras as seguintes competencias: as actuacións necesarias para a implantación das directivas comunitarias e a normativa estatal, así como a coordinación co Plan Hidrolóxico Nacional; a elaboración de estatísticas e mantemento de bases de datos en relación cos usos da auga e o seguimento do cumprimento dos obxectivos fixados nas directivas comunitarias; o establecemento das directrices para a elaboración, seguimento e revisión do Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa; a participación na elaboración e seguimento da execución dos plans hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas competencia da Administración xeral do Estado cuxo ámbito territorial afecte a Galicia; a análise e o control da calidade das augas, así como o seguimento dos programas de calidade da auga que se establezan.



Para o desenvolvemento destas competencias é de vital importancia a toma de mostra e a análise de parámetros das redes de control de vixilancia e operativa das augas continentais, costeiras e de transición da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa. Isto precisa de tecnoloxía e dos medios axeitados para permitir este traballo, dos que carece Augas de Galicia.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda exerce, entre outras, as competencias e funcións en materia de avaliación e control da incidencia que sobre o ambiente provoque a actividade humana, o fomento de sistemas e estratexias de corrección da dita incidencia, a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, o impulso da investigación ambiental e o desenvolvemento tecnolóxico e a súa posta en marcha para o logro da adecuada protección ambiental e o desenvolvemento de estudos e informes en materia de ambiente.

Para o desenvolvemento das súas funcións a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda conta co Laboratorio de Medio Ambiente, pertencente á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, cuxas competencias a teor do establecido no Decreto 164/1999, do 27 de maio, son a realización de estudos, análises e informes técnicos sobre establecemento de parámetros, técnicas e procedementos analíticos previstos nas normas ambientais e a realización da labor de investigación das técnicas e modelos de análises en consonancia cos avances científicos e as disposicións normativas aplicables

## 2. Obxectivos que se pretenden



O obxecto deste acordo é regular a cooperación entre as partes asinantes de cara a unha adecuada programación e desenvolvemento da análise e xestión das redes de control definidas no Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

### **3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia**

A Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que ten como obxecto a racionalización de todo o sector público autonómico e da actividade administrativa e a adopción de medidas dirixidas a unha maior eficiencia do gasto e a mellora da xestión do sector público autonómico, regula baixo estes preceptos a colaboración no ámbito do sector público autonómico.

En concreto, o artigo 8 desta lei regula a autoprovisión de bens e de servizos dentro do propio sector público, segundo o cal a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público, coa finalidade do uso eficiente dos recursos públicos existentes, realizarán as tarefas de interese público que lles corresponden cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispoña o sector público autonómico.

Para estes efectos, cando os medios dos que dispoñan resulten insuficientes para o cumprimento e a realización dos seus fins institucionais, acudirán con preferencia á cooperación, colaboración e asistencia doutros órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou doutras entidades do sector público autonómico que si dispoñan dos medios dos que precisan.



Pola súa parte, o artigo 14 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico establece a posibilidade de que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico formalicen acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

#### **4. Estimación de custos e financiamento**

De conformidade co establecido no artigo 14.3 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, Augas de Galicia compensará parcialmente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda polos gastos nos que incorra para a realización de determinados traballos descritos na cláusula segunda do acordo, en concreto dos seguintes:

- A totalidade dos gastos para a realización das análises de sustancias perigosas e prioritarias, análise de parámetros microbiolóxicos e das condicións morfolóxicas para as masas de auga tipo río.
- A metade dos gastos para a realización da toma de mostras, en concreto os custos seguintes: do material necesario para a realización da toma de mostras, do mantemento e calibración de instrumentos de medida in situ, e dos medios de transporte para a toma de mostras de augas costeiras e de transición.



Estes gastos estímense nunha cantidade máxima de 1.665.510,00 euros, e realizaranse con cargo á conta 219, "Outro inmovilizado inmaterial" do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades:

2022: 736.206,00 €

2023: 929.304,00 €

Por acordo do Consello da Xunta do 18 de outubro do 2021, aprobouse o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022. Para os efectos da tramitación do expediente de gasto, resulta de aplicación o establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas Ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001; quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2022.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

*(asinado dixitalmente)*

